

UNHAS XORNADAS EN MELIDE PRETENDEN ALERTAR SOBRE O ESGOTAMENTO DA AUGA

- As VI XORNADAS CIENCIA E TERRITORIO: A AUGA, USOS E ABUSOS(II), organizadas por NOVA ESCOLA GALEGA e polos Departamentos de Ciencias Naturais e Ciencias Sociais do INSTITUTO DE MELIDE, celébranse os días 9, 10 e 11 de setembro no Edificio de Usos Múltiples “Xosé Vázquez Pintor” de Melide e nas instalacións do IES Melide.
- Agárdase que asistan á actividade unas 70 PERSOAS procedentes de toda Galiza, a maior parte delas profesores e profesoras de ensino secundario, pero tamén están matriculados técnicos de medio ambiente e outros profesionais relacionados co tema.
- As Xornadas compaxinan conferencias plenarias (un total de 8) con saídas de campo e traballo de obradoiros.
- A conferencia inaugural será ofrecida polo Catedrático de Hidroxoloxía da Universidade de Zaragoza FRANCISCO JAVIER MARTÍNEZ GIL, unha das autoridades máis recoñecidas da materia. O título da súa intervención é “Por unha nova cultura da auga”.
- As demais intervencións serán responsabilidade de investigadores das Universidades de Santiago e Vigo.
- O programa das Xornadas reserva un espazo para que os propios participantes poidan expoñer as súas experiencias didácticas relacionadas co tema da auga.

MELIDE, 4 DE SETEMBRO

Organizadas polo movemento de renovación pedagóxica **NOVA ESCOLA GALEGA** e polos Departamentos de Ciencias Naturais e Ciencias Naturais do **IES MELIDE**, o vindeiro martes, día 9 de setembro, arrincan nas instalacións do Edificio de Usos Múltiples “Xosé Vázquez Pintor” de Melide e no instituto da localidade, as VI Xornadas “Ciencia e Territorio”, que nesta ocasión levan por subtítulo “**A auga, usos e abusos (II)**”. O principal obxectivo das mesmas é analizar, por segundo ano consecutivo, a problemática que xira arredor da auga, dos seus usos, pero tamén dos seus abusos.

Agárdase que na actividade participen directamente un número aproximado de **70 persoas** procedentes de todo o país, maioritariamente profesorado de ensino secundario, pero tamén técnicos relacionados co tema.

O esquema xenérico das Xornadas contempla un total de 8 **conferencias** plenarias, impartidas por investigadores universitarios, **saídas de campo** por diferentes lugares da Terra de Melide e o desenvolvemento de **obradoiros** de índole máis práctica. Paralelamente, están programadas tamén actividades de espaxamento que inclúen a proxección dunha película ou a participación dos asistentes nunha sesión de xogos tradicionais.

Entre os relatores invitados atópase **Francisco Javier Martínez Gil**, Catedrático de Hidroxoloxía da **Universidade de Zaragoza**, unha das maiores autoridades na materia actualmente. Entre os especialistas galegos presentes figuran **Xoán M. Antelo Cortizas**,

Catedrático da Facultade de Física da USC, **Augusto Pérez Alberti**, Catedrático de Xeografía Física ou **Xosé Ramón Seara Valero**, do Departamento de Xeociencias Mariñas da Universidade de Vigo.

As Xornadas “Ciencia e Territorio” celébranse por sexto ano consecutivo baixo o obxectivo xenérico de tratar de articular estratexias que lle permitan ao profesorado a integración do ensino no medio natural e social no que o centro educativo está inserido. Desde esta óptica, a Terra de Melide é unha comarca especialmente apropiada como campo de experimentación toda vez que se trata dun territorio que foi estudado en profundidade xa desde a época da **Xeración Nós** e do **Seminario de Estudos Galegos**. Nas cinco anteriores edicións os temas tratados foron, respectivamente, a Xeoloxía, a Xeomorfoloxía, a Botánica, a Arqueoloxía e, no ano pasado, a Auga (I).

Como novidade na presente edición resérvase un tempo para que os propios participantes presenten as súas experiencias didácticas relacionadas co tema en cuestión, neste caso a auga.

Contactos coa organización:

- Xulio Pérez: 610 214 298
- Paco Veiga: 626 838 111

Páxina web:

- Nova Escola Galega: www.nova-escola-galega.org